

CERTIFICADOS POLA FORMACIÓN DE ASPIRANTES DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN EN ÁREAS ESPECIAIS

Ante o coñecemento de que algunhas áreas sanitarias non o están facendo, **CCOO** solicitou ó SERGAS que se faciliten aos/as traballadores/as os **certificados pola participación na formación práctica** dos aspirantes das listas de contratación que solicitan formación específica nas **áreas especiais** segundo a súa categoría.

Ademáis **CCOO** tamén solicitou que, na **carreira profesional**, **esta docencia práctica se bareme na área IV (compromiso coa organización)** e non na área III (formación e docencia); xa que entendemos que non hai maior Compromiso coa Organización que formar altruístamente a futuros compañeiros/as.

**Se tes algunha dúbida ou consulta, acode a túa sección
sindical de CCOO**

19 de maio do 2025